



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

II CONGRESO DE TECNOCULTURAS



Historias Cruzadas



9-10 de abril de 2025

Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

O Instituto Universitario de Estudos Irlandeses *Amergin* e o Observatorio de Investigación CSSAN (*Cultural Studies, Society, and Alternative Narratives*) da Universidade da Coruña anuncian o II Congreso de Tecnoculturas coa colaboración de *Intergames: Incorporating Interdisciplinarity in Education Using Conflict Video Games*. Esta segunda edición terá lugar o 9 e o 10 de abril de 2025 e o foco central é a natureza textual e colaborativa da cibercultura, que se manifesta a través da aparición das comunidades *fandom* online, o *fan fiction*, o *fan art*, os *headcanons* e as narrativas creadas a través do xogo inmersivo. En definitiva, a proliferación de produtos influenciados pola interacción colectiva a través da rede, que atravesada o mundo virtual e moldea a nosa realidade.

Liñas suxeridas

Este congreso busca explorar o discurso que transita arredor **da cultura e as novas tecnoloxías**. As liñas explicitadas a continuación son **orientativas**, polo que outras propostas serán ben recibidas:

- Construción e ramificación de historias: novelas visuais, películas interactivas, xogos de terror, xogos *indies*, *cozy games*, etc.
- Adaptación de obras literarias ao cine, á música e aos videoxogos.
- *Fan fictions* e *headcanons* (neurodiverxentes, *queer*, etc.).
- Desenvolvemento de conceptos como “cultura da cancelación” ou “inclusión forzada”.
- Impacto e formación de identidades no espazo virtual.
- Pandemia e cibercultura (influencia en *fandoms*, recepción de videoxogos, etc).
- Narrativa e marketing na industria musical.
- Cultura do *remake* e capitalización do *fan fiction*.
- Literatura e comunidades online (*booktok*, *bookstagram*, *fandoms*, *marketing*).

II CONGRESO DE TECNOCULTURAS



Historias Cruzadas



9-10 de abril de 2025

Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

Organizadoras

- **Noelia López Fernández** (noelia.lopezf1@udc.es)
- **Silvia Vázquez Lorenzo** (s.ulorenzo@udc.es)

Instrucións para os participantes

- O congreso será de modalidade híbrida (*on-site e online*)
- Enviarase a noelia.lopezf1@udc.es ou a s.ulorenzo@udc.es unha proposta dun máximo de 250 palabras cun breve resumo da comunicación, a cual debe incluír o título da presentación e a universidade ou institución de procedencia.
- As comunicacións serán dun máximo de 15 minutos cun pequeno espazo posterior para preguntas. Poderán facerse en galego, español ou inglés.
- O prazo límite para envíos é o **14 de marzo** de 2025.
- Comunicarase a aceptación como moi tarde o **17 de marzo** de 2025. Será necesario enviar unha breve biografía (máx. 150 palabras) e información sobre a tecnoloxía que se vai utilizar durante a comunicación. Tras isto, proporcionarase aos poñentes un formulario no que poden confirmar a súa asistencia e preferencias no que atañe a su poñencia.